



*RESOLUCIÓN pola que se adxudican provisionalmente os destinos provisionais para o próximo curso académico 2019/2020 ao persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino ou substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.*

Mediante Resolución do 21 de xuño de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* n.º 120, do 26 de xuño) de 2019, convocouse o concurso de adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2019/2020 entre o persoal do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.

Con base no disposto no punto cuarto da dita resolución, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Adxudicar provisionalmente os destinos provisionais para o próximo curso académico 2019/2020 ao persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino ou substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo, de acordo coas normas para a adxudicación de destino provisional establecidas pola Orde do 7 de xuño de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 113, do 14 de xuño).

Segundo. Ordenar a publicación da resolución provisional do concurso no portal da internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal>

Terceiro. De conformidade co establecido no punto cuarto da Resolución do 21 de xuño de 2019, para o corpo de mestres o prazo para formular reclamacións ou renuncias contra a resolución provisional do concurso é de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal>

As reclamacións ou renuncias formularanse en todo caso por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). De formular a reclamación ou a renuncia de xeito presencial, a persoa que a realice presencialmente será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da reclamación aquela en que foi realizada a emenda.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

